

Disposición transitoria única.

O incremento retributivo establecido no artigo 1 deste Real Decreto-lei terá efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 1998.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente Real Decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de maio de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Este Real Decreto-lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado», número 116, da data 15 de maio de 1998.)

12012 REAL DECRETO-LEI 4/1998, do 22 de maio, polo que se lle concede á Confederación Hidrográfica do Guadalquivir un crédito extraordinario de 4.500.000.000 de pesetas para financiar actuacións derivadas da rotura da balsa de residuos da mina de Aznalcóllar, e se autoriza o dito organismo autónomo para realizar operacións de endebedamento ata o mesmo importe. («BOE» 123, de 23-5-1998.)

Na madrugada do venres 24 ó sábado 25 de abril produciuse a rotura dunha das balsas de residuos da explotación mineira de Aznalcóllar, propiedade da empresa «Boliden Apirsa, Sociedad Limitada».

Como consecuencia da dita rotura vertéronse ó leito do río Agrío, e con posterioridade ó río Guadiamar, residuos líquidos mineiros e lodos que se viñeran acumulando na citada balsa.

Nos actuais momentos, unha superficie de alto valor ecolóxico, por afectar un río do que se abastece, entre outros espazos naturais, o Parque Nacional de Doñana, está cuberta de lodos cargados en metais pesados, mentres que no tramo final, na zona denominada Entremuros, se concentra a maior parte das augas ácidas que trasladaron os mencionados residuos, en forma de poceiras espalladas e en gran medida recollidas polos tres muros paralelos que se realizaron.

Con independencia da responsabilidade civil que lle corresponda ó causante da contaminación, ó que lle haberá que esixir-las indemnizacións que legalmente correspondan polos danos e perdas ocasionados e, en particular, a reposición das cousas ó seu estado anterior á catástrofe, procede urxentemente, sen prexuízo da oportuna obtención de fondos comunitarios para financiar-las actuacións previstas, habilita-los créditos orzamentarios necesarios que permitan facer fronte de maneira inmediata, no dominio público hidráulico afectado, ós oportunos labores de retirada de lodos, restauración ambiental, descontaminación de solos e aquelas outras actuacións que os sucesos acaecidos poidan requirir.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do Vicepresidente Segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda e da Ministra de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de maio de 1998,

DISPONGO:

Artigo 1.

Para atende-las operacións de retirada de lodos, restauración ambiental, descontaminación de solos e

demais actuacións no dominio público hidráulico que se requiran como consecuencia da rotura da balsa de residuos da mina de Aznalcóllar, concédese un crédito extraordinario por un importe de 4.500.000.000 de pesetas, no vixente orzamento da Sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», Organismo 228 «Confederación Hidrográfica do Guadalquivir», programa 441A «Infraestructuras urbanas de saneamento e calidade da auga», concepto 619 «Para actuacións derivadas do disposto no Real decreto-lei 4/1998.

Artigo 2.

Co fin de levar a cabo as actuacións previstas no artigo 1, autorízase a Confederación Hidrográfica do Guadalquivir para que realice durante 1998 operacións de endebedamento ata un importe total de 4.500.000.000 de pesetas.

Artigo 3.

O crédito extraordinario que se concede no artigo 1 financiarase co endebedamento que se autoriza no artigo 2 ou con fondos do propio organismo, para eses efectos reflectirase o dito financiamento nos correspondentes conceptos do Orzamento de Ingresos da Confederación Hidrográfica do Guadalquivir.

Artigo 4.

As operacións descritas no artigo 1 deste Real Decreto-lei levarán implícitas as declaracións seguintes:

A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei do 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa.

A de urxencia para efectos da ocupación temporal ou definitiva dos bens afectados, a que se refire o artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, e de emerxencia para os efectos da tramitación prevista no artigo 73 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.

Disposición derradeira única.

O presente Real Decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de maio de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

12054 REAL DECRETO-LEI 5/1998, do 29 de maio, polo que se dictan regras para o recoñecemento da xubilación anticipada do sistema da Seguridade Social, en determinados casos especiais. («BOE» 129, de 30-5-1998.)

O número 2 do artigo 9 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, determina que, a medida que os Réximes Especiais configuren os seus beneficios de acordo cos criterios do Réxime Xeral, ditanse normas relativas ó tempo, alcance e condicións para logra-los dereitos en curso de adquisición das persoas que pasen duns a outros Réximes, mediante a totalización dos períodos de permanencia en cada un dos mencionados Réximes, sempre que non se superpoñan. Conforme as previsións legais, os distintos Réximes Especiais estableceron as súas respectivas regulacións para

o cómputo das cotizacións efectuadas a outros Réximes, para efectos do recoñecemento do dereito ás prestacións.

De tales regulacións dedúcense uns criterios xerais para o recoñecemento das prestacións, cando se acrediten cotizacións en varios Réximes. En primeiro lugar, recoñecerá a prestación o Réxime de Seguridade Social en que o interesado estaba en alta no momento do feito causante ou o último en que se produciu tal circunstancia, sempre que reúna nel tódalas condicións necesarias; no caso de non corresponderlo dereito, aplicarase a mesma fórmula no Réxime anterior; se en ningún deles se acreditan as condicións necesarias, resolverá sobre o dereito aquel en que o interesado teña maior número de cotizacións, logo da totalización de tódalas acreditadas.

Non obstante, xorde o problema de se no Réxime no que o interesado reunía maior número de cotizacións tampouco acredita tódolos requisitos para acceder á pensión, como pode se-lo da idade. Aínda que unha práctica administrativa viñera admitindo a posibilidade de que, en tales casos, puidese resolver un Réxime que, en virtude de dereito transitorio, recollese a xubilación antes dos sesenta e cinco anos, aínda que nel non se acreditase o maior número de cotizacións, sen embargo, a xurisprudencia entendeu que a dita práctica non se acomodaba ás normas en vigor, doutrina xurisprudencial que foi recollida mediante instrucións internas da Administración, con efectividade a partir do 1 de abril de 1998.

O Congreso dos Deputados, con data do 31 de marzo de 1998, aprobou unha moción na que se insta o Goberno a mante-los criterios que se viñan aplicando con anterioridade á data indicada, se ben no marco das recomendacións do «Pacto de Toledo».

A tal finalidade responde o contido da presente disposición, mediante a cal, e con carácter de urxencia, co fin de dar cumprimento á iniciativa parlamentaria sinalada e de que as solicitudes de pensións de xubilación poidan recoñecerse en función dos criterios indicados, establécense normas respecto ó recoñecemento do dereito á pensión de xubilación, cando o interesado acredita cotizacións en dous ou máis réximes da Seguridade Social, sen que en ningún deles, illadamente considerados, reúna tódolos requisitos para acceder á dita pensión. Nestes casos, mantense a posibilidade de que o interesado poida acceder á pensión anticipadamente, sempre que estivese afiliado a un Réxime que recoñecese ese dereito, aínda que non sexa aquel no que se acreditan o maior número de cotizacións. Non obstante, no marco dos principios de contribución e proporcionalidade que deben rexe-lo sistema da Seguridade Social, a potenciación dos cales constitúe un dos puntos básicos do «Pacto de Toledo», esíxese que o interesado acredite, do total das cotizacións efectuadas, polo menos, unha cuarta parte nalgún dos Réximes que prevía o beneficio da xubilación anticipada.

Na súa virtude, sendo urxente a adopción das medidas anteriormente expostas e facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 1998,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Regras de aplicación.*

1. O disposto no presente Real Decreto-lei será de aplicación nos supostos en que, tendo cotizado a varios Réximes do sistema da Seguridade Social, o interesado non reúna tódolos requisitos esixidos para acceder á

pensión de xubilación en ningún deles, considerando unicamente as cotizacións acreditadas en cada un dos Réximes ós que se cotizase.

Nos supostos indicados, resolverá sobre o dereito á pensión de xubilación o Réxime no que se acredite o maior número de cotizacións, computando, como cotizadas a el, a totalidade das que acredite o interesado.

Non obstante o establecido nos parágrafos anteriores, cando o traballador non cumprise a idade mínima para causa-lo dereito á pensión de xubilación no Réxime polo que deba resolverse o dereito, por ser aquel en que se acredite o maior número de cotizacións, poderá recoñecerse a pensión polo dito Réxime, sempre que se acredite o requisito de idade nalgún dos demais Réximes que se tivesen en conta para a totalización dos períodos de cotización, nos termos que se establecen nos números seguintes.

2. Para a aplicación do establecido no terceiro parágrafo do número anterior será necesaria a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que o interesado tivese a condición de mutualista o 1 de xaneiro de 1967 ou en calquera data con anterioridade ou que se lle certifique por algún país estranxeiro períodos cotizados ou asimilados, en razón de actividades realizadas nel, con anterioridade ás datas indicadas, que, de se teren efectuado en España, terían dado lugar á inclusión daquel nalgunha das Mutualidades Laborais e que, en virtude das normas de dereito internacional, deban ser tomadas en consideración.

b) Que, polo menos, a cuarta parte das cotizacións totalizadas ó longo da vida laboral do traballador se efectuaran nos Réximes que recoñezan o dereito á xubilación anticipada ou ós precedentes dos ditos Réximes ou a Réximes de seguridade social estranxeiros, nos termos e condicións sinalados na alínea anterior, salvo que o total de cotizacións ó longo da vida laboral do traballador sexa de 30 ou máis anos, caso este no que será suficiente con que se acredite un mínimo de cotizacións de cinco anos nos réximes antes sinalados.

3. O recoñecemento do dereito á pensión de xubilación con menos de sesenta e cinco anos, cando se cumpran as esixencias establecidas nos números precedentes, levarao a cabo o Réxime en que o interesado acredite maior número de cotizacións, aplicando as súas normas reguladoras.

A pensión de xubilación será obxecto de redución, mediante a aplicación da porcentaxe do 8 por 100 por cada ano ou fracción de ano que, no momento do feito causante, lle falte ó interesado para o cumprimento dos sesenta e cinco anos.

O establecido no parágrafo precedente enténdese sen prexuízo do previsto no parágrafo segundo, norma segunda, da disposición transitoria terceira da Lei Xeral da Seguridade Social, así como na norma segunda da disposición transitoria terceira do Regulamento Xeral do Réxime Especial dos Traballadores do Mar, aprobado polo Decreto 2864/1970, do 9 de xullo.

4. As referencias ó 1 de xaneiro de 1967 entenderanse realizadas á data que se determine nas súas respectivas normas reguladoras, respecto dos Réximes ou colectivos que recollan outra distinta, en orde á posibilidade de anticipación da idade de xubilación.

Disposición adicional única. *Réxime de Clases Pasivas.*

O disposto no presente Real Decreto-lei non será de aplicación no Réxime de Clases Pasivas do Estado. O cómputo recíproco de cotizacións entre o dito Réxime e os demais Réximes do sistema da Seguridade Social rexeráse polo establecido no Real Decreto 691/1991, do 12 de abril.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase ó Ministro de Traballo e Asuntos Sociais para que dicte as disposicións de carácter xeral que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste Real Decreto-lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto-lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado», se ben poderá aplicarse ás pensións de xubilación o feito causante das cales se produza a partir do día 1 de abril de 1998.

Dado en Madrid o 29 de maio de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

12728 LEI 14/1998, do 1 de xuño, pola que se establece o réxime de control para a protección dos recursos pesqueiros. («BOE» 131, de 2-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

A tódolos que a viren e a entenderen.

Sabede que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia da pesca como subsector económico no conxunto da economía nacional obriga a controlalo exercicio da actividade pesqueira, así como a unha permanente vixilancia e información sobre os recursos do medio mariño, de forma que a súa explotación racional permita a súa conservación e rexeneración co fin de logra-la estabilidade relativa deles.

O artigo 149.1.19.^a da Constitución atribúelle ó Estado a competencia exclusiva sobre pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas.

Os estatutos de autonomía atribúenlles ás comunidades autónomas costeiras competencias de «desenvolvemento lexislativo e execución» dentro do «marco da lexislación básica do Estado». Diso derivase que o Estado ten competencia exclusiva para dicta-la normativa básica de ordenación do sector pesqueiro.

Así mesmo, as comunidades autónomas de litoral asumiron nos seus estatutos de autonomía a competencia exclusiva en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura.

De acordo con iso, o Estado dispón de dúas habilitacións competenciais: competencia exclusiva sobre pesca marítima e competencia para establece-las bases da ordenación do sector pesqueiro, ademais da súa competencia xenérica para a ordenación dos distintos sectores económicos, conforme o previsto no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

A Lei 53/1982, do 13 de xullo, sobre infraccións que en materia de pesca marítima cometan os buques estranxeiros en augas de xurisdicción española e os buques españois, calquera que sexa o ámbito en que se cometan, e as súas sancións, resulta hoxe inadecuada desde a perspectiva da orde constitucional de compe-

tencias exposto, e tamén no relativo ó seu contido substantivo, que non responde xa á realidade actual da actividade extractiva e do sector pesqueiro.

Neste sentido, a nova lei recolle os criterios substantivos contidos na xurisprudencia constitucional para diferencia-los ámbitos materiais correspondentes á pesca marítima e á ordenación do sector pesqueiro.

De acordo con iso, a presente Lei de infraccións e sancións en materia de pesca marítima e ordenación do sector pesqueiro establece, dunha parte, o ámbito competencial propio e exclusivo do Estado, isto é, o referido ás infraccións e sancións en materia de pesca marítima, e, doutro, as normas básicas para definir un marco unitario de infraccións e sancións en materia de ordenación do sector pesqueiro, dirixido a asegurar de maneira homoxénea e en condicións de igualdade, os intereses xerais e a establece-las imprescindibles garantías de certeza xurídica que lles permitan ás comunidades autónomas o exercicio das súas competencias.

En todo caso, o réxime sancionador propio da pesca marítima, obxecto desta lei, é de competencia exclusiva do Estado e aplícase nas chamadas augas exteriores. Estas augas exteriores delimitáanse das interiores a través das chamadas liñas de base recta, e correspóndelles ás comunidades autónomas a competencia exclusiva sobre a actividade pesqueira que se realice nas ditas augas interiores. É dicir, a lei deixa a salvo as competencias das comunidades autónomas para regular e aplica-lo réxime sancionador que coiden conveniente sobre a pesca en augas interiores, así como o que corresponda en materia de marisqueo e acuicultura.

Por outro lado, a potestade sancionadora da Administración debe somete-la súa actuación ó principio constitucional de legalidade establecido no artigo 25 da Constitución, consonte o cal é o poder lexislativo o que debe fixa-los límites da actividade sancionadora da Administración.

En conclusión, a presente lei garante as esixencias formais e materiais para a actuación constitucional das administracións públicas, en canto delimita o ámbito da competencia exclusiva estatal sobre a regulación das infraccións e sancións en materia de pesca marítima e determina o marco normativo básico que deben ter en conta as comunidades autónomas para exerceren as súas competencias. A esta segunda finalidade responde que a propia lei declare expresamente os preceptos básicos.

Por iso, na materia de pesca marítima a tipificación das infraccións diferencia entre as relativas ó exercicio da actividade pesqueira, as correspondentes ás especies obxecto da dita actividade e as propias das artes, útiles, instrumentos e equipos de pesca.

Os labores de inspección en materia de pesca marítima débense levar a cabo, tanto no mar durante o exercicio da actividade, coma en terra no momento do desembarque ou en calquera momento antes da primeira venda, pois a inspección no mar sobre a comisión de posibles infraccións, singularmente as relativas ás especies capturadas e ás artes empregadas, presentan máis dificultade polas limitacións propias do medio; velaquí que, por razóns de eficacia, espaciais e tempo dispoñible, se lles debe dar prioridade ás inspeccións en terra, no momento de desembarque ou en calquera momento antes da primeira venda, momentos en que se poden apreciar-las infraccións aludidas de xeito máis operativo.

A función inspectora en materia de ordenación do sector pesqueiro poderá, así mesmo, ter lugar desde o momento do desembarque ou descarga dos produtos pesqueiros, estendéndose as competencias das comunidades autónomas ó longo de todo o proceso de almacenaxe, transporte e distribución.